

24-09-2014 11:08

Homenaxe de viva voz á poesía de Luisa Villalta

Lino Braxe, Marica Campo, Miguel Anxo Fernán Vello, Carlota Fiaño, Francisco Xosé F. Naval, Luz Pozo, Xavier Seoane, Mercedes Queixas, Xulio L. Valcárcel, Dores Tembrás e Eva Veiga recitan este domingo no Rosalía poemas da autora falecida no 2004

Redacción | A CORUÑA

Voces autorizadas da literatura galega contemporánea xúntanse **este domingo 28 de setembro no Teatro Rosalía de Castro da Coruña** para participar nunha **homenaxe a Luisa Villalta**, autora e profesora **falecida no ano 2004**. Lino Braxe, Marica Campo, Miguel Anxo Fernán Vello, Carlota Fiaño, Francisco Xosé Fernández Naval, Luz Pozo, Xavier Seoane, Mercedes Queixas, Xulio López Valcárcel, Dores Tembrás e Eva Veiga serán os encargados de lembrar a **Luisa Villalta** recitando unha selección de **poemas** da súa **obra** nunha **homenaxe poético-musical** na memoria da profesora.



A escritora e profesora Luisa Villalta, falecida no 2004.

A **homenaxe** -bautizada co título '**Volver a Luisa Villalta. No outro lado da música, a poesía**'- comezará ás **11h** coa colocación dunha **placa** na honra de **Luisa Villalta** na que foi a súa **casa**, no número 6 da coruñesa rúa Vila de Laxe. Acto seguido, arredor das **12.15h**, está previsto que comece a **gala** poético-musical programada no **Teatro Rosalía de Castro**.

O acto arrancará coa **intervención** de **Cesáreo Sánchez**, presidente de la Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), seguida dunha **actuación musical** a cargo do dúo Paganini de guitarra y violín, que interpretará unha obra de Bach elixida para a ocasión polos promotores desta **homenaxe**.

Haberá, logo, unha **primeira tanda de recitado de poemas de Luisa Villalta**, da que se encargarán Lino Braxe, Marica Campo, Miguel Anxo Fernán Vello, Carlota Fiaño Salinas, Francisco Xosé Fernández Naval. Trala interpretación dun fragmento de cuarteto de corda con mezzosoprano e texto de Cesáreo Sánchez Iglesias, seguido dun trío de flauta e corda de Mozart, haberá unha **segunda rolda de escritores** que subirán ó escenario para lembrar, de viva voz, os textos que deixou a finada escritora **Luisa Villalta**, como Luz Pozo, Xavier Seoane, Mercedes Queixas, Xulio López Varcárcel, Dores Tembrás, Eva Veiga.

A **entrada** para asistir á **homenaxe a Luisa Villalta este domingo no Teatro Rosalía da Coruña** é de **balde** ata completar o aforo.

A Deputación da Coruña e o Concello coruñés colaboran coa AELG neste acto de lembranza á que fora unha das autoras máis queridas, e agora máis lembradas, do panorama literario galego.